



# O PPdeG iniciará o trámite de lei da Universidade de Abanca: "É unha boa noticia para Galicia"

*Os populares tamén prevén a aprobación da Lei de Recuperación da Terra Agraria con "unha altísima porcentaxe de emendas transaccionadas"*

- [O BNG, contra a universidade privada de Abanca: "é o desmantelamento do sistema público"](#)
- [BNG e PSdeG rexeitan o proxecto de lei de creación da universidade privada de Afundación](#)

Por Europa Press / Redacción | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 03/05/2021 | Actualizada ás 15:01

---

O portavoz parlamentario do [PPdeG](#), Pedro Puy, situou no pleno da semana que vén o debate que dará inicio á **tramitación do proxecto de lei da Universidade Intercontinental da Empresa**, a universidade privada impulsada por Afundación --a obra social de Abanca-- na que os populares ven "**unha boa noticia**". Trátase dunha norma que recibiu a luz verde do Goberno galego o pasado 18 de marzo e que agora arrincará o seu percorrido no Parlamento, aínda que os dous grupos da oposición --[BNG](#) e [PSdeG](#)-- xa anunciaron o seu **rexeitamento** e a súa intención de rexistrar emendas de devolución.

Así, nunha rolda de prensa ofrecida este luns, o popular Pedro Puy avanzou que no pleno da semana que vén, á espera do que determine este martes a xunta de portavoces, será o debate á totalidade desta lei

que establecerá a **primeira universidade privada de Galicia**. "Non é unha mala noticia para Galicia, senón todo o contrario: hai unha entidade bancaria radicada en Galicia, que decide investir en educación superior en Galicia cumprindo a lei", resumiu Puy, tras lembrar que é un proxecto que conta co visto e prace do Ministerio de Universidades, cuxo titular é Manuel Castells --nomeado a proposta de Unidas Podemos--.

Por iso, fronte ás críticas de BNG e PSdeG, o portavoz do PPdeG díxose "sorprendido" por que "haxa quen se opoña a investimentos en educación, que se poida atraer alumnos e a fixar, por tanto, **unha institución que pagará salarios bos a persoas altamente cualificadas** para impartir a docencia".

Neste contexto, censurou que as forzas da oposición entendan que "todo debe ser público". "Non entendemos esta oposición a un proxecto que insisto, máis mais alla da legalidade, demostra que Galicia é un lugar no que se pode investir en coñecemento, neste caso de nivel universitario, que vai permitir mesmo ter sinerxías coa universidade pública positivas", recalcou. Seguidamente, Puy insistiu en cualificar de "**boa noticia**" que Galicia "**por fin**" conte cunha **universidade privada**, xa que era "practicamente a única" autonomía, de entre as "mais grandes", nos que non existía ningunha institución deste tipo.

## **LEI DE RECUPERACIÓN DÁ TERRA AGRARIA**

Así mesmo, á espera do que determine a xunta de portavoces, Puy avanzou tamén que o próximo pleno acollerá o debate final sobre a **Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia**, cuxo texto final quedou aprobado definitivamente este luns na Comisión 7ª, de Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

Trátase dunha norma que, tal e como lembrou Puy, xorde por mor dos

incendios da pasada lexislatura, porque "entre outras cousas viuse que estaban provocados porque moita da terra dispoñible estaba abandonada e ademais era de propietarios descoñecidos". Todo iso "dificulta" non só o seu mantemento senón a entrada de agricultores e gandeiros "que queren emprender ou ampliar o seu negocio".

Así, o portavoz parlamentario do PPdeG sinalou que será unha lei que, "respectando os dereitos de propiedade", **poñerá "encima da mesa que a propiedade ten unha utilidade social"**. Non en balde, aproveitou para defender que o texto que chegará á súa aprobación final con "unha altísima porcentaxe de emendas transaccionadas" de acordo coa oposición.



O portavoz parlamentario do PPdeG, Pedro Puy, na rolda de prensa. PPDEG | [Fonte: Europa Press](#)